

‘CAIXA BREOGÁN’: DEMASIADO GRANDE PARA CAER?

O pasado 2 de setembro Ben Bernanke, presidente da Reserva Federal americana, explicou perante a Comisión de Investigación da Crise Financeira –nun discurso que ven de ser publicado na propia web da Fed- as causas que ao seu entender provocaron a crise financeira, e consecuentemente a crise económica global actual. Bernanke cita a burbulla no sector inmobiliario como principal desencadenante, pero como vulnerabilidades do sistema que fixeron desta crise a máis severa dos últimos 70 anos cita moitas máis: nomeadamente, no sector privado o excesivo financiamento a curto prazo, a deficiente xestión de riscos, o forte endebedamento e o masivo uso de derivados (cós que, porén, non é especialmente crítico); e no sector público as eivas regulatorias e uso inefectivo das autoridades reguladoras competentes.

Pero hai un aspecto que para Bernanke é fundamental, e que menciona xa desde o inicio do discurso como o principal problema a resolver polas autoridades económicas competentes: a existencia de entidades demasiado grandes para caer ('too big to fail'). Para o presidente da Fed, estas entidades representan a principal eiva do modelo (velaí o pánico que provocou a quebra de Lehman Brothers, quebra que non se atreveron a repetir ó día seguinte coa aseguradora AIG). Así, enumera como principais problemas que as grandes compañías provocan os seguintes: 1. xeneran risco moral (probablemente a maior mostra de ineficiencia do modelo financeiro actual, indica a tendencia das grandes entidades financeiras a asumir maiores riscos dos que serían recomendabeis, xa que de gañar gañan eles, mentras de perder perdemos todos, pois o Estado ten que acudir ó rescate); 2. provocan unha competencia inxusta entre grandes e pequenas entidades, en beneficio das primeiras (o que leva a todas as entidades a asumir maiores riscos para gañar cuota a toda costa); e 3. como evidenciou a crise actual, a quebra dun 'too big to fail' é o maior risco para a estabilidade do sistema financeiro.

Pois ben, neste contexto onde ata o Presidente da maior autoridade financeira internacional advirte dos peligros da concentración financeira, o Banco de España segue ao seu. Sirva como comparación o seguinte dato: nos USA hai censadas a setembro de 2010 unhas 7.800 entidades financeiras (despois de a crise levarse por diante unhas 600 nos últimos dous anos); mentras, o 'mundo ideal' visualizado polo BdE é un sistema financeiro español integrado por apenas unha ducia de bancos e caixas de aforro (ou, sen eufemismos, simplemente 'bancos', xa que permitir o acceso do capital privado ás caixas é o obxectivo principal da recente reforma da Ley de Cajas de Ahorro).

Xa sabemos que a nosa preocupación principal é saír canto antes da recesión económica actual, pero o feito é que as decisións que tomemos para saír desta determinarán a sustentabilidade do sistema que enxendremos. Despois da reforma actual probablemente apenas catro entidades (Santander, BBVA, e as fusións que lideren agora ou no futuro La Caixa e Cajamadrid) concentrarán boa parte dos aforros dos españois. Ou no caso galego, apenas seguirán viventes un par de entidades de relevancia (se é que Banco Pastor e ‘Caixa Breogán’ seguen a ser galegas dentro dun tempo, claro...). Neste contexto, pode alguén imaxinar o que acontecerá dentro de 5, 10 ou se cadra 50 anos (claro que para entón moitos xa non andaremos por aquí pra velo) se algunha desas entidades remata como Lehman Brothers?

Desta volta deixarei que a pregunta a resposte o lector.